1.- ¿Cal das seguintes funcións non é propia dos/as conserxes?

a) Reprografía.
b) Vixilancia.
c) Atención ó público e información.
**d) Rexistro de correspondencia.**

2.-Nas súas relacións coas Administracións Públicas, os cidadáns teñen, entre outros, dereito:

a) A non presentar documentos que xa se atopen en poder dalgunha administración.
b) A identificar a toda autoridade e persoal ao servizo das Administracións.
**c) A aportar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia.**
d) Á devolución, sen excepción, dos documentos orixinais que presentaron.

3.- De conformidade co artigo 140 da Constitución Española:

a) Os alcaldes serán elixidos polos cidadáns.
b) Os alcaldes serán elixidos pola mesa de idade.
**c) Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños.**
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

4.-Para que unha destrutora de papel se poña en funcionamento é necesario:

a) premer o botón cut durante un tempo por cuestións de seguridade.
**b) se a máquina está acendida é suficiente con situar o papel na abertura, para que o sensor o detecte e inicie o corte.**
c) hai que introducir o papel na abertura e logo premer a tecla cut.
d) premer o botón cut e introducir o papel ao mesmo tempo.

5.-Nunha fotocopiadora a función alimentación manual:

a) permite o aforro de enerxía cando está acendida.
b) permite a conexión vía fax á máquina.
**c) permite a utilización da bandexa correspondente para a introdución de papeis.**
d) permite a elección do modo de conexión á rede.

6.-O papel corrugado emprégase fundamentalmente para:

a) imprimir documentos.
**b) embalar.**
c) imprimir xornais.
d) impresión de planos.

7- De conformidade co artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local os municipios exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas, en cal das seguintes materias:

a) transporte público de viaxeiros.
b) cooperación coa Admón. Educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos.
c) protección da salubridade pública.
**d) todas as respostas son correctas.**

8.- De conformidade co artigo 12 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento:

a) O parlamento galego proporá á Xunta o seu proxecto de orzamento.
b) O parlamento galego elixirá entre os seus membros presidente, dous vicepresidentes, mesa e comisión de control para elaboración de regulamento.
**c) O parlamento galego funcionará en Pleno e en Comisións.**
d) O parlamento galego reunirase en sesións ordinarias i especiais.

9.-A competencia para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais corresponde a:

a) Xunta de Goberno Local.
b) Concelleiro de réxime interior.
c) Alcalde.
**d) Pleno.**

10.- O dereito á folga é:
**a) Un dereito fundamental**
b) Un dereito non fundamental
c) Un dos dereitos recollidos na Constitución, pero contra a súa vulneración non cabe recurso de amparo.
d) Ningunha das opcións anteriores é correcta

*11.- Que potestade exerce o Parlamento de Galicia?:* Pregunta anulada polo tribunal.

*a) A potestade executiva*
***b) A potestade lexislativa***
*c) A potestade lexislativa*
*d) As potestade a) e b)*

12.- A Xunta de Goberno Local é o órgano delegado do equipo de goberno municipal e a súa finalidade é :

**a) Asistir ao alcalde no exercicio das súas atribucións, ao tempo que terá que exercer as atribucións que nela poidan delegar o Pleno do concello ou o alcalde.**
b) Asistir ao alcalde no exercicio das súas atribucións.
c) Asistir ao tenente de alcalde no exercicio das súas atribucións.
d) Asistir ao alcalde e aos concelleiros no exercicio das súas atribucións.

13.- A Comisión Informativa Xeral é :

**a) Un órgano sen atribucións resolutorias que ten por función o estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno e dos concelleiros que exerzan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno.**
b) Un órgano con atribucións resolutorias que ten por función o estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno e dos concelleiros que exerzan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno
c) Un órgano con atribucións resolutorias que ten por función o estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno,
d) Un órgano con atribucións resolutorias que ten por función o estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno e do alcalde.

14.- Fixar o orzamento do Parlamento de Galicia, corresponde:
a) á Xunta
b) Ao Presidente da Xunta
**c) Ao propio Parlamento**
d) A Xunta de portavoces

15.- O Regulamento orgánico municipal establece que a convocatoria da Xunta de Portavoces lle corresponde sen precisar ningunha formalidade a :

a) O Pleno
**b) O Alcalde**
c) A Xunta de portavoces
d) A Xunta de goberno local.

16.- A Comisión Informativa Xeral é un órgano sen atribucións resolutorias que ten por función:

**a) O estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno e dos concelleiros que exerzan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno**
b) O estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno
c) O estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde.

d) O estudo, o informe e/ou a consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Xunta de Goberno

17.- A Xunta de Goberno local no Concello de Sada, está composta por :

a) Alcalde e 1 Tenente de Alcalde.
b) Alcalde e 2 Tenentes de Alcalde
c) Alcalde e 3 Tenentes de Alcalde
**d) Alcalde e 4 Tenentes de Alcalde**

18.- Conforme ao art. 89 da LRL, o persoal ao servizo das Entidades Locais está integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial. Por tanto dito persoal clasificase en tres tipos de empregados públicos. Tra-la aprobación do Estatuto Básico do Empregado Público dita clasificación debe ser entendida xa como a que se recolle no Título II do mesmo polo que cabe falar dos seguintes grupos de empregados:

a) Funcionarios de carreira e Persoal laboral (fixo ou temporal)
b) Funcionarios interinos, Funcionarios de carreira e Persoal laboral (fixo ou temporal)
**c) Funcionarios de carreira, Funcionarios interinos, Persoal laboral (fixo ou temporal), Persoal eventual e Persoal directivo**
d) Funcionarios de carreira , Persoal laboral (fixo ou temporal), Persoal eventual e Persoal directivo

19.- Segundo a Constitución os municipios gozarán de personalidade xurídica:
a) Propia
**b) Plena**
c) Pública
d) Única

20.- ¿Cal é a forma política do estado español?
a) Monarquía.
b) República.
**c) Monarquía parlamentaria.**
d) Ditadura.

21.- ¿Cándo foi sancionada, pola súa Maxestade O Rei, a Constitución Española?
a) 31 de outubro de 1978.
**b) 27 de decembro de 1978.**
c) 6 de decembro de 1978.
d) 8 de decembro de 1978.

22.- A circunscrición electoral é:
a) A rexión.
b) A comunidade autónoma.
c) A cidade.
**d) A provincia.**

23.- ¿A quén representan as cortes xerais?
a) Ao pobo galego
**b) Ao pobo español.**
c) Ao senado.
d) Ao poder Xudicial.

24.- O Presidente do Tribunal Constitucional será nomeado por un período de :
a) Cinco anos.
b) Un ano.
**c) Tres anos.**
d) Dous anos.

25.- Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos en:
**a) O Estatuto de autonomía de Galicia.**
b) A Constitución.
c) A Lei de Función Pública.
d) O Estatuto dos Traballadores.

26.- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia,
a) Todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
**b) Todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.**
c) Todos teñen a obriga de coñecelos e usalos.
d) Todos teñen o dereito e a obriga de coñecelos e usalos.

27.- ¿Quén elixe ao presidente da Xunta?
a) O Rei.
b) O presidente do Goberno.
**c) O Parlamento Galego.**
d) Os galegos.

28.- ¿A quén corresponde o nomeamento e cese do persoal laboral do Concello?.
**a) Ao alcalde ou ao presidente da entidade local correspondente.**
b) Ao alcalde e ao Pleno da Corporación.
c) Ao Pleno da Corporación.
d) Ao concelleiro de persoal.

29.- ¿Cantos concelleiros conforman o Pleno do Concello de Sada?
a) Once.
b) Quince.
**c) Dezasete.**
d) Vinte e un.

30.- ¿De cantas parroquias se compón o Concello de Sada?.
a) Dez.
b) Seis.
**c) Oito.**
d) Nove.

31.- ¿Onde está localizada a "área de urbanismo e servizos técnicos" do Concello de Sada?.
a) Av. da Mariña nº 24.
b) Rúa de Pontedeume nº 12.
**c) Av. do Porto nº 24.**
d) Av. do Porto nº 14.

32.- ¿En que parroquia está localizada a base do "Servizo de Emerxencias Municipal" de Sada?
a) Carnoedo.
b) Osedo.
**c) Soñeiro.**
d) Meirás.

33.- ¿Cal das seguintes denominacións se corresponde cunha concellaría do Concello de Sada?.
a) Concellaría de Medio Ambiente, Turismo e Deporte.
**b) Concellaría de Deporte, Turismo e Medio Ambiente.**
c) Concellaría de Deporte e Medio Ambiente.
d) Concellaría de Turismo, Deporte e Medio Ambiente.

34.- ¿Cando se celebran os Plenos Ordinarios do Concello de Sada?.
a) O primeiro xoves de cada mes.
b) O último xoves de cada dous meses.
**c) O último xoves de cada mes.**
d) Cada quince días.

35.- Considérase falta moi grave:
a) A falta de obediencia debida aos superiores e autoridades.
b) A grave falta de consideración cos administrados.
c) A falta de asistencia inxustificada dun día.
**d) O abandono de servizo.**

36.- Os empregados públicos nunha chamada telefónica:
a) Non deben identificarse.

b) Só deben identificarse cando son eles os que chaman.
c) Identificaranse despois de realizar a comunicación.
**d) Deben identificarse sempre.**

37.- Indicar cal dos seguintes produtos non está incluído na correspondencia básica.
a) Tarxeta postal.
b) Carta certificada.
c) Tarxeta postal certificada.
**d) Carta urxente.**

38.- Das seguintes afirmacións hai unha que é falsa, ¿cal?.
a) As máquinas franqueadoras deben ser modelos admitidos pola Dirección do Organismo de Correos e Telégrafos.
b) Os envíos de fax realízanse a través da liña telefónica.
**c) As fotocopiadoras empregan clichés para realizar as fotocopias.**
d) Algunhas fotocopiadoras son capaces de grampar os documentos unha vez fotocopiados.

39.- ¿Cómo se chama o tóner que se disolve nun dispersante?.
a) Tóner en polvo.
**b) Tóner líquido.**
c) Tóner bicompoñente.
d) Tóner.

40.- ¿Qué dimensión ten o formato Din A-4?.
**a) 210 x 297 mm.**
b) 297 x 420 mm.
c) 148 x 210 mm.
d) 420 x 597 mm.

41.- ¿Qué máquinas fan o papel inservible e ilexible?.
**a) Máquinas destrutoras.**
b) Máquinas franqueadoras.
c) Máquinas encadernadoras.
d) Máquinas fresadoras.

42.- ¿Cal é o nome do Alcalde de Sada?
a) Abel Soto López.
b) Ramón Rodríguez Ares.
**c) Abel López Soto.**
d) José María Hernández Cochón.

43.- ¿Cal é a dirección do edificio municipal que alberga o Salón de Plenos?.
a) Av. da Mariña nº 24.
**b) Av. do Porto nº 24.**
c) Av. do Porto nº 14.
d) Av. da Mariña nº 42.

44.- Non é función do conserxe,
a) Peche e apertura do edificio.
b) Apagado e acendido das luces.
**c) Manexo dunha base de datos.**
d) Atender ao público que acceda ao edificio e prestarlle información sobre localización de persoas, lugares e outros aspectos.